

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

19 E 20 DE FEBREIRO

Alg-a prepara unha sopa de música e poesía

O colectivo artístico organiza un festival de poesía e de experimentación en Valadares, con lecturas, proxeccións e actuacións musicais.

Redacción - 10:00 19/02/2010

Esta fin de semana, a asociación de artistas [alg-a](#), con sede en Valadares, organiza un festival de poesía e experimentación, Sopa de alg-as. A actividade, que terá lugar o 19 e o 20 de febreiro, contará, no lado poético, coa intervención do [Leo i Arremecághona](#), [Elvira Riveiro](#), [Leticia Costas](#), [María Lado](#), [Silvia Penas](#) e membros do colectivo vigués [A porta verde do sétimo andar](#). Todos eles farán lecturas e/ou proxeccións de traballos audiovisuais.

A parte musical formarana os grupos de rock [Mr Carácter](#) e a rapeira viguesa [Aid](#), que publicou o ano pasado o seu primeiro álbum. O programa complétao Antía Sánchez e Lucía Romaní, que presentarán poesía visual; Nelaque, cunha acción-instalación, e Mig Seoane, coa videoinstalación 'autopoema colectivo'.

Ao longo das dúas xornadas do festival, María Lado impartirá un obradoiro de creación poética no Centro Sociocultural de Valadares, mentres que o resto das actividades terán lugar no laboratorio da asociación, no mesmo barrio vigués.